

Xela Arias, a escritora que converteu os tigres en cabalos


Manolo Rivas entrevista a Xela Arias sobre o libro "Tigres coma cabalos".

Aviso do entrevistador: Este libro pode ser de escándalo para o censo autóctono de inquisidores, badulaques, mexapilas, cabezas cadradas, tiquismiquis, toxoalérxicos, augachirlas, traficantes de conservas culturais e retorcidos varios.

Temos por diante **12 preguntas**

1ª *Creo que é unha novidade que unha escritora apareza no seu libro espida, a corpo descuberto, como modelo fotográfica. Temes o escándalo?*

-Eu non estaba moi convencida das miñas posibilidades como modelo. É un traballo duro e difícil e que require certas calidades. Foi Xulio quen me convenceu de que podía resultar. Sei que ten riscos e que me expoño a moita frase estúpida, porque de entrada, no libro, a quedada vai ser coas fotos. Pero tamén sei que haberá outra xente que irá máis alá, que valorará o que hai no libro de nova experiencia, de diálogo entre a imaxe e a palabra.



NADA PERSONAL

Xela Arias, a escritora que converteu os cabalos en tigres

«Pero, ¿onde está a miña xeración?»

Aviso. Este libro pode ser de escándalo para o censo autóctono de inquisidores, badulaques, mexapilas, cabezas cadradas, tiquismiquis, toxoalérxicos, augachirlas, traficantes de conservas culturais e retorcidos varios.

O título deste sereno sétimo, presentado tamén como exposición murada en Vigo, é o de «Tigres coma cabalos», un ensaio creativo de home e muller, Xulio Gil e Xela Arias, cunha converxencia/divergencia de dúas artes: fotografía e poesía. Fotografías, todas, de corpos espídos, na onda desa ambición preciosa de «perder pé», como di Xela nun fermoso poema dedicado a Luis Martín.

Quixeron ir alén do libro-illustración, do simple complemento texto-fotografía, e eles explican así a experiencia: «Fotógrafo e poeta propuxéronse facer cada quen 24 orixinais en cadaverso medio e en cadaverina respectiva soidade. Logo veu o intercambio e cada un deles traballou 24 novas creacións sobre os orixinais do outro. Iso foi o modo. Agora non lles interese fixárense en qué foi feito antes e cal mellor resultado. Aquí ofrecen-vos os resultados nunha orde que nada ten que ver coas cronoloxías, e contentaríamse, en canto á proposta, con que atopades algo na unión dos dous medios, e dos dous sentidos—mesmo na distancia—, e con que tamén vos despreocupase o cómo e quedades co qué e co porqué. En todo caso, al quodam. Nin pé de foto, nin ilustración ó texto. Se tal, a historias.

Para falar da historia quedei nun café vigués con Xulio e Xela, pero o primeiro andaba a cen, con vértigo nos ollos, coa montaxe da exposición onde cas mesmas tarde se la presentarían «Tigres coma cabalos». «Non, non buscamos adrede un efecto físi. As fotografías non teñen esa intencionalidade evidente, case publicitaria, de Newton. Se quixéramos facer algo obscuro, fariámos outra cousa». E foise Xulio, acelerado, e fíxase


mos con Xela Arias, 28 anos recién cumpridos, nacida en Lugo, pero viguesa desde cúa, cando os seus pais decidiron establecerse na California galega. Xela publicou con anterioridade o poemario «Denuncia do equilibrio» e ten dado por aí moitos recitais, mesmo co grupo de rock «Desertores». «Son moi bos amigos e un pouco provocadores», nalgunha ocasión case tivemos que saír correndo.

«Creo que é unha novidade que unha escritora apareza no seu libro desnuda, a corpo descuberto, como modelo fotográfica.»

«¿Temes o escándalo?»

«Eu non estaba moi convencida das miñas posibilidades como modelo. É un traballo duro e difícil e que require certas cualidades. Foi Xulio quen me convenceu de que podía resultar. Sei que ten riscos e que me expoño a moita frase estúpida, porque de entrada, no libro, a quedada vai ser coas fotos. Pero tamén sei que haberá outra xente que irá máis alá, que valorará o que hai no libro de nova experiencia, de diálogo entre a imaxe e a palabra.»

«¿Como te recordas de tiña un ano pasado? Crei que non teñas a menor idea de como é o mundo. «Si, tiña unha época moi revoltosa. Dexeille o título de bacharelato a meu pai na man e dixíalle que quería vivir independente. A esa idade, 16 ou 17 anos, comencé a buscarme a vida. Tiña moi interiorizado o anseio de independencia. Sor-



«Eu non estaba moi convencida das miñas posibilidades como modelo»

ra galega pero que tamén chegará o momento en que se pasará da metade do que hoxe temos por clásicos.

«¿E non te sientes indistinguible da canba xeración literaria?»

«Pero, ¿onde están? A miña xeración en galego, ¿onde está?»

«¿De ser unha muller nova que escribe en galego, ¿favorecente ou non?»

«Cando de organizar algún acto se trataba, ou de calquera outra historia, eu escoitei moitas veces a frase «agora necesitamos unha chica moderna que escriba en galego». Rebotéime contra iso. Tiven incluso folletos. É como se che din-

préndeme hoxe que xente de 20 anos prefira estar na casa. Recordábase ademais o sistema de estadíos, cría que todo o que necesitaba podería aprendelo pola miña conta, e iso, o dos estadíos universitarios, si que o boto de menos agora, porque tes que remanar certas limitacións.

«Octavio Paz salía o feito paradójico de como no final deste século tan racionalista o que están en alza son as relixións e os nacionalismos. ¿Que pensa diso?»

«Creo que é algo comprensible. Ambalaxadas cousas reflexan a necesidade humana de ter algo ó que agarrarse. Os nacionalismos, por exemplo, tal como os entendo eu, son necesarios para recoñecerse unha dinámica que arrasa as diferenzas.

«¿E como entendes o feminismo?»

«Dámeme rabia ter que dicir que son feminista. Pásame igual que co nacionalismo. Deixarei de ser unha cousa e outra cando as nacións sotulgadas non se sexan e as mulleres discriminadas non o están.

«¿Gústache ir de compras?»

«Non, non me gusta ir de compras. Antes prefero fregar a casa que ir de compras.

«¿Escribicheslle poemas a algún mozo?»

«Fíxeme moitos poemas a chicos. E inventei presoxes a partir deles chicos como fíxestes os homes coas mulleres durante centos de anos.

«¿Que viaxes recordas especialmente?»

«Todos, especialmente os últimos, a Turquía e Marrocos, onde estiven por segunda vez o ano pasado. O límite do deserto parece algo increíble. Fálase moito de «salda global», de que xa non hai distancias, pero en realidade creo que non teñas a menor idea de como é o mundo.

«¿Como te recordas de tiña un ano pasado? Crei que non teñas a menor idea de como é o mundo.


«Si, tiña unha época moi revoltosa. Dexeille o título de bacharelato a meu pai na man e dixíalle que quería vivir independente. A esa idade, 16 ou 17 anos, comencé a buscarme a vida. Tiña moi interiorizado o anseio de independencia. Sor-

S A POESÍA É UN TIGRE SEN PARAUGAS



2ª - Non tes a sensación, como outros escritores, de que, ante a potencia visual -fotografía, cine, vídeo-, os libros e as palabras andan en derrota?

-Creo que os que escribimos estamos moi acostumados a facer as cousas desde o silencio. A plástica, a música, entran moi directamente, conseguen de inmediato un impacto. Entrar nun libro é máis custoso. *Un libro pide demasiado. Pero hai que rebotarse contra iso.* Rebotarse contra a concepción do libro coma un cadáver morto nun anaquel. Xa cando facía os recitais, loitaba contra iso.



3ª - ***A túa estética, a túa poética, non coincide cos referentes tópicos da poesía galega de hoxe, non parecen estar aquí as túas principais influencias.***

- Se puidese escoller unha reencarnación sería sen dúbida a de Lou Reed en feminino. Creo que hai moitas cousas que valorar e recuperar na literatura galega, pero que tamén chegará o momento en que se pasará da metade do que hoxe temos por clásicos.

4ª - ***E non te sentes «identificada» cunha xeración literaria?***

- Pero, ¿onde están? A miña xeración en galego, ¿onde está?



5ª - ***Iso de ser unha muller nova que escribe en galego, favoreceute ou non?***

-Cando de organizar algún acto se trataba, ou de calquera outra historia, eu escoitei moitas veces a frase «*e agora necesitamos unha chica moderna que escriba en galego*». **Reboteime contra iso**. Tiven incluso follóns. É como se che din: «Necesitamos un chico que xogue ó baloncesto e que escriba en galego». Non se pode utilizar a ninguén coma un floreiro, coma un comodín, aínda que ás veces o xogo comercial leve a esas cousas.



6ª - Poderíamos dicir que pertences á xeración de «Rumble fish» [«A lei da rúa», o filme de Coppola]. Fuches unha adolescente rebelde?

-Si, tiven unha época moi revoltosa. Deixei o título de bacharelato a meu pai na man e díxenlle que quería vivir independente. A esa idade, 16 ou 17 anos, comecei a buscarme a vida. Tiña moi interiorizado o anxeio de independencia. Sorpréndeme hoxe que xente de 20 anos prefira estar na casa. Rebotábame ademais o sistema de estudos, cría que todo o que necesitaba podería aprendelo pola miña conta, e iso, o dos estudos universitarios, si que o boto de menos agora, porque tes que remontar certas limitacións.

7ª - Octavio Paz subliña o feito paradoxal de como no final deste século tan racionalista o que está en alza son as relixións e os nacionalismos. Que pensas diso?

-Creo que é algo comprensible. Ámbalas dúas cousas reflicten a necesidade humana de ter algo ó que agarrarse. Os *nacionalismos*, por exemplo, tal como os entendo eu, son necesarios para recoñecerse nunha dinámica que arrasa as diferenzas.





8ª - E como entendes o feminismo?

Dáme rabia ter que dicir que son feminista. Pásame igual que co nacionalismo. Deixarei de ser unha cousa e outra cando as nacións soxulgadas non o sexan e as mulleres discriminadas non o estean.

9ª - Gústache ir de compras?

-Non, non me gusta ir de compras. Antes prefiro fregar a casa que ir de compras.

10ª - Escribícheslle poemas a algún mozo?

-Fixen moitos poemas a chicos. E inventei personaxes a partir deses chicos como fixestes os homes coas mulleres durante centos de anos.



11ª - *Que viaxe recordas especialmente?*

-Todos, especialmente os últimos, a Turquía e Marrocos, onde estiven por segunda vez o ano pasado. O linde do deserto paréceme algo increíble. Fálase moito de «aldea global», de que xa non hai distancias, pero en realidade creo que non temos a menor idea de como é o mundo.

12ª - *Como te recordas de nena?*

-Teño a sensación de que só tiña ollos. Cando miro as fotos, é o que vexo. Teño un irmán, o que me segue, e eu véxome detrás, calculando, calando cantidade.

[Ver entrevista no xornal](#)